

## FOTO-terminos

### I Concurso de terminoloxía de arte, historia e xeografía en imaxes a través de Twitter

#### Bases

#### Obxectivos

1. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Xeografía e Historia da USC, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, convoca o **I Concurso de terminoloxía da xeografía, a historia e a arte a través de imaxes en Twitter, FOTO-terminos**, cos seguintes obxectivos:
  - Divulgar a terminoloxía en galego das disciplinas que se imparten na Facultade.
  - Estimular a creatividade dos estudantes da USC, co apoio das novas tecnoloxías e con base na lingua galega.
  - Crear un banco de imaxes axustadas á terminoloxía en galego que se emprega nos estudos impartidos na Facultade.

#### Participación

2. Poderá concorrer a este concurso calquera membro do alumnado da USC durante o curso 2020-2021, que sexa seareiro do Twitter da Facultade de Xeografía e Historia da USC <@fxhis\_USC>.
3. Para participar cómpre responder aos chíos que se emitan dende o Twitter da Facultade que se identifiquen co cancelo #TerminoloxíaEnImaxes. Estes chíos consistirán nun termo en galego dos eidos da xeografía, a historia ou a arte. As persoas participantes deberán responder con fotografías que se correspondan cos termos propostos, acompañando cada imaxe cunha breve identificación (segundo o caso: autor, título, data, técnica, localización...).
4. As imaxes poderán ser da propia autoría da persoa participante ou ben imaxes tiradas de Internet coa debida licenza Creative Commons que autorice á súa utilización para un concurso. Será responsabilidade da persoa concursante o correcto uso das imaxes. En calquera caso, debe especificarse sempre de maneira clara e axeitada a autoría propia ou a fonte da que está tomada a fotografía.
5. As persoas participantes poderán achegar tantas imaxes como queiran a cada un deses chíos, se ben cada resposta debe conter unha única imaxe coa súa breve identificación. Igualmente poderán responder a tantos chíos como prefiran. Do mesmo xeito poderán achegar tanto imaxes da súa autoría como imaxes con licenza Creative Commons.

6. As imaxes deben ter unha calidade suficiente e un mínimo de resolución para poder utilizarse nun banco de imaxes propio da Facultade. Aquelas imaxes que carezan de tal calidade serán desbotadas polo xurado.
7. En calquera momento, mentres o concurso estea aberto e a Facultade siga propoñendo termos, as persoas participantes poderán enviar un correo electrónico a [<historia.acnl@usc.gal>](mailto:historia.acnl@usc.gal) identificándose co seu nome completo e dni e mais o seu nome de usuario/a en Twitter.
8. Comprobarase a dita condición de alumno/a dos participantes premiados. De non o ser, perderá inmediatamente o dereito ao premio.

### Premios

9. Establécense tres premios de 200, 150 e 100 euros, na categoría de imaxes de autoría propia para aquelas persoas participantes que máis imaxes propias acheguen.
10. Establécense, así mesmo, tres premios de 200, 150 e 100 euros, na categoría de imaxes con licenza Creative Commons para aquelas persoas participantes que máis fotografías acheguen ao concurso.
11. En ambas as categorías de premios, acompañarase un diploma acreditativo.
12. Cando a Facultade remate de propoñer termos, no mes de xuño, fará pública na páxina web do centro a relación dos participantes no concurso e o número de imaxes achegadas de cada categoría, a composición do xurado do certame, así como calquera outro extremo que xulgue de relevo.
13. Un xurado, composto por unha profesora ou profesor da Facultade de Xeografía e Historia, unha persoa designada polo Servizo de Normalización Lingüística e unha persoa de fóra da USC, emitirá o seu ditame no mes de xullo.
14. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Xeografía e Historia poñerá en contacto coas persoas gañadoras a través do Twitter da Facultade para solicitarlle que lle achegue os seus datos, para o cal a persoa premiada dispoñerá do prazo máximo dunha semana. De non o facer, decaerá na súa condición de premiado/a, que recaerá sucesivamente no autor ou autora das seguintes imaxes seleccionadas polo xurado.
15. O xurado poderá declarar o premio deserto.
16. A Facultade de Xeografía e Historia poderá organizar un acto de entrega de premios.
17. A Facultade de Xeografía e Historia resérvase o dereito de publicar un banco dixital de imaxes de xeografía, historia e arte coas súas referencias terminolóxicas en galego, utilizando as imaxes presentadas neste concurso, debidamente identificadas.

### Condicións

18. Os autores/as son os únicos responsables das imaxes (contido, respecto a dereitos, etc.) que presenten ao concurso.
19. A organización poderá levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o que comunicará no seu perfil de Twitter.
20. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.



FACULTADE DE XEOGRAFÍA  
E HISTORIA



21. Este concurso non está patrocinado, nin avalado nin administrado por Twitter, polo que a dita rede está libre de calquera responsabilidade neste certame.